

PREGON DO NADAL EN BEGONTE

12-12-98

É para min unha obriga e unha honra, unha ledicia e unha grande responsabilidade, comparecer hoxe aquí, diante de vostedes, xentes de Begonte e amigos do Belén, para pronuncia-lo Pregón do Nadal, e abrir oficialmente nesta vila un tempo tan especial para todos.

26 anos despois de que todo empezara, veño a Begonte chamado por estas xentes tan especiais do Belén e veño, xa digo, ledamente obrigado, honrado e cheo de responsabilidade, polo que o Belén entraña, polo que se ten conseguido nesta terra en pouco máis dun cuarto de século, arredor da lembranza do nacemento de Xesús.

Comezo este Pregón con palabras que non son miñas, pero poderían e quizáis deberían serlo: “Se o Pregoeiro é o que proclama un gran acontecemento, vádesme permitir que este

humilde pregoeiro comece por proclama-la súa sincera e cordial felicitación para Don José, o párroco de Begonte, que co seu esforzo e tenacidade fixo posible esta fermosa realidade do nacemento neste pobo, ofrecendo así - non só á súa parroquia, e á nosa provincia, senón a Galicia, e aínda a gran parte de España, unha extraordinaria lección plástica do gran misterio que celebramos estes días, felicitación que temos tamén que proclamar para o artista que soubo plasmar nesta realidade tantas e tan fermosas ideas bíblicas e da tradición, e nel felicitamos asi mesmo a tantos colaboradores desinteresados. E a vós, feligreses de Begonte, que vos sentides, e con razón, orgullosos deste voso Belén. Todo esto é para min, e debe ser tamén para vós, un signo das posibilidades dun pobo cando se xunta, se solidariza e colabora”.

Estas son palabras de plena actualidade, pero foron pronunciadas aquí mesmo en decembro de 1975, hai agora 23 anos, polo Pregoeiro do Nadal en Begonte, que aquel ano foi o Bispo de Mondoñedo-O Ferrol, o lembrado Miguel Anxo

Arauxo Iglesias.

Era aquel un tempo no que o Belén era aínda unha empresa moi nova, e estaba comenzando a andar. De entonces acó, moito ten camiñado esta iniciativa que se me asombrou naqueles primeiros tempos, na actualidade emocióname, segue a asombrarme, e enorgulléceme ter tido algo que ver nunha obra tan importante, en algo tan grande.

A invitación que a xente do Belén me fixo de vir pregoar este Nadal, moveume a revisar vellos papeis e atoparme de novo con aquel tempo no que en Begonte todo empezaba. E lembrar a figura de Don José, aquel cura inesquecible ó que lle dera por argallar e facer cousas vitais para este Concello: Conseguir terreos para o Colexio Público, conseguir que tódolos camiños do Concello pasasen a ser estradas asfaltadas, construir un fermoso Teleclub a partir dos locais dunhas escolas xa non utilizadas, e a creación do Belén.

Primeiro como Teleclub e logo como Centro Cultural,

Begonte comezouse a facer notar no panorama cultural e do Nadal na provincia de Lugo, logo en Galicia, e como dicía Monseñor Arauxo en toda España, porque moi lonxe chegou a sona do que en Begonte se estaba a facer.

Visitantes de moi diversos lugares así o acreditan. Poetas cantores do Belén, así o veñen pregoando desde entón.

Valla como proba este poema que Esteban Covarrubias de la Peña, un profesional de Radio Nacional de España en Zaragoza, fixo chegar ó Belén:

“Es Begonte en diciembre como un pueblo encantado:
paritorio celeste de una Virgen sin mancha...

Y el establo de pajas en la noche se ensancha
con la gloria divina del buen Dios encarnado”.

Begonte comezou a ser, no Nadal, un fervedeiro de accións culturais: Certames de poesía e xornalismo, Premios a medios informativos, Certames de debuxo infantil e postais de Nadal,

Concurso de ambientación navideña, de paxoliñas... Desde os primeiros tempos quíxose que toda unha acción cultural e social arroupase o Belén...

Don José ten dito que cando naceu o Belén, pretendeu facer algo que chamase a atención sobre Begonte, que distinguisse a Begonte como pobo, pero que tamén respondese ás inquedanzas do seu Ministerio, que fomentase a relixiosidade e representase axeitadamente a grandeza do misterio do nacemento do Fillo de Deus. E así naceu o voso Belén; o noso Belén, porque é de todos o que o queremos, porque é de todos os que saben del. E cumpríronse e cúmprense á perfección tódalas prediccións, tódolos desexos de Don José.

Fai agora 25 anos, no nadal de 1973, publiquei no xornal El Ideal Galego, do que eu era Delegado en Lugo, unha reportaxe titulada “BEGONTE, EL MEJOR NACIMIENTO DE GALICIA”, no que recollía os primeiros tempos da andadura do Belén, os traballos pasados e, sobre todo, as palabras de don José, sobre a importancia que o Belén ten

como un xeito tradicional de lembrar o significado do nacemento de Xesús, especialmente para os rapaces, para os nenos... E Don José lembra que o local onde o Belén se acollía, cumplía uns fins sociais, primordiais para que o pobo se sentise unido, e buscarse bases sólidas de convivencia. E, desde o punto de vista relixioso, o Belén tiña que servir para comprender os valores da humildade da representación, xa que áinda que electrónico estabamos a falar dun Belén. Concluía dicindo: “É o Belén de Begonte”.

Así foi, é e será o Belén de Begonte: Representante de tódolos begontinos, e o mellor xeito de que Begonte se asome ó exterior.

Desde entónces, todo foi medrar, e eu seguín o seu desenvolvemento desde lonxe, moi ó meu pesar, pero o traballo levounos lonxe a min e á miña familia, impedíndonos seguir vencellados de xeito directo a esta fermosa iniciativa.

Porque áinda que cada vez as distancias son menores, e os

medios de comunicación más eficaces, o estar volcado nunha actividade como é o da información, obriga a que a vida se vencelle ó lugar de residencia, e que Lugo - onde tantos anos vivín; lugar para min tan querido sempre- quedase na distancia; no lugar dos melhores recordos; ocupando un grandísimo anaco de corazón, pero na lonxanía.

Aínda así, íanme chegando tódolas novas do Belén, tódolos acontecementos que ó Belén afectaban: As sucesivas ampliacións, as actividades, os concursos, os concertos de panxoliñas no que teñen participado a práctica totalidade das numerosas corais da provincia de Lugo, os Pregóns de Nadal a cargo dos más destacados persoeiros das letras, da cultura ou da gobernación de Galicia... A morte de Don José, e a asunción da herdanza nadaleira polo seu irmán Jesús... E eu, testigo lonxano de como se ía formando en Begonte un monumento ó Belén. Un Belén vivo, cada vez máis xigante.

Unha das últimas noticias que tiven de Begonte foi a da creación do Museo do Belén, porque por se fose pouco o

traballo de facer cada ano un Belén Electrónico, tamén hai agora un Museo. E aledoume saber deste Museo, polo que ten de continuidade e de lembranza.

Eu son tamén da opinión de que - cando lles toca ser renovadas - non se poden deixar morrer esas figuras do Belén, conxuntos de expresión electrónica que resulta humana pola fondísima carga de humanidade que amosan... O Museo que recolle as creacións de Varela que van indo vellas, é como un reloxo que vai marcando anos e belenes, que vai sinalando o paso do tempo nun traballo que non ten fin.

E hoxe veño aquí, de novo, para lembrar vellos tempos; para ser testemuña do voso presente, pero especialmente para anunciárvos un esplendoroso futuro, baseado no voso traballo, na vosa fe, no voso esforzo continuado.

Encargástedesme que fose o pregoeiro do voso Nadal de 1998, na XXVII edición do Belén electrónico, e veño dicirvos o que vós xa sabedes moi ben, porque xentes ben

cualificadas o dixeron antes ca min... ¡Que desde hoxe é Nadal en Begonte!... Aínda que sempre é Nadal en Begonte porque en Begonte soubéstedes facervos Nadal, encarnando o espírito do Nadal, por ter tan perto o mellor e más plástico dos exemplos.

Veño dicirvos que, desde hoxe, Begonte é o centro do Nadal en Galicia; que desde hoxe milleiros de persoas van vir a Begonte a comprobar que o voso Belén volve a estar vivo; que desde hoxe ate o remate do mes de xaneiro vades sentir de novo como un soplo de aire que non arrefría nin quenta por fóra, pero por dentro enche de ledicia e de calor.

Veño dicirvos, en fin, que a obra de DON JOSE, que eu vin nacer, está cada día máis forte porque a obra ben plantexada e ben feita non remata cando morre o que a ideou senón que vive en tódolos homes, mulleres e nenos de boa fe que saben escoitar, ver e sentir.

E Begonte, o voso Belén, é o sitio perfecto para ver, para escoitar, ¡ e para sentir!.

E non digo máis, porque dicindo que en Begonte, de Novo, é Nadal, está dito todo.

Remato con palabras de poeta. O Segrel do Penedo, Xosé María Pérez Parallé, chegou a Begonte a cantarlle ó Neno Deus, para logo voltar á súa terra mariñana. Eu vin hoxe como un emigrante que volta á casa polo Nadal, pero que logo ten de novo que marchar.

Emprego para a miña despedida un anaco do poema co que Pérez Parallé gañou o Premio de Poesía en Begonte fai agora 20 anos:

“Cheguei á frol de Begonte
 cando o sol asubiaba,
 a cantarlle ó Neno Deus
 e á súa Nai, Virxe Santa,
 as nadalías más ledas,
 as más aleadas louvanzas;
 e agora, a rolar camiños
 na percura de arelanzas

||

para ofrendarlle a Galicia
a noiteboa da espranza
nunha panxoliña nova
e no Cebreiro cantada
onde o Neno Deus se fixo
miragre no altar da Pátria,
e o Santo Graal, escudo,
da bandeira azul e branca”.

Moitas gracias, e ¡Feliz Nadal para todos!.